Falamos de...

CON-SENTI-MEN-TO?

Falamos de... CONSENTIMENTO?

Que é?

O acordo **VERBAL** ou **NON VERBAL para participar nunha práctica sexual.** Provén da palabra **«consenso»**, que significa ***acordo mutuo***.

Vamos, **a única forma de saber realmente se todas as persoas involucradas nun acto sexual participan porque queren**, ata onde queren chegar e como queren participar.

Por isto mesmo, **aprender a comunicar como queremos relacionarnos sexualmente é necesario para construír dinámicas que garantan os nosos dereitos sexuais...**
E OS NOSOS DESEXOS TAMÉN!

Pero... ollo!

TER PRÁCTICAS SEXUAIS con outras persoas e acceso aos seus corpos **NON É UN DEREITO**, **É UN DESEXO**.

O obxectivo das relacións sexuais é que todas as persoas involucradas o desfruten. **E SE A OUTRA PERSOA NON QUERE... NON É SEXO, É AGRESIÓN.**
E punto.

Así que hai algo que temos que gravar a lume...

CEDER NON É CONSENTIR

Ceder pasa por unha actitude pasiva na que poden estar involucradas moitas cousas menos as ganas e o desexo.

Pola contra, **consentir** pasa por desexar, querer facelo, ter unha actitude activa ou entusiasta.

Entendes a diferencia?

E a quen implica o consentimento?

Pois... **a todo o mundo! A todas as persoas e tipos de relacións.**

Dá igual se é un encontro esporádico ou continuado, ligues, rollos, persoas que se están a coñecer, parellas novas ou consolidadas, relacións monógamas ou non.

E, por suposto, **implica a todo tipo de prácticas sexuais**, **haxa ou non haxa penetración.**

Agora, tócache a ti!

GOBIERNO DE ESPAÑA | MINISTERIO DE IGUALDAD

Pacto de Estado contra la violencia de género

Concello de Oleiros